


Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

MEMORIA 2010





MEMORIA 2010



EDITORIAL

POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Benqueridas compañeiras e compañeiros,

Un ano máis, tedes nas vosas mans a Memoria das actividades que durante o 2010 se promoveron e desenvolveron desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

O pasado ano estivo marcado polas consecuencias da fonda crise financeira e económica que padecemos, que repercute severamente na vida das persoas en forma de paro e perda de dereitos sociolaboriais. Porén, e recoñecendo as dificultades que atravesamos tamén a nosa profesión, no pasado ano incrementamos en 70 o número total de colexiadas e colexiados e mantivemos unha intensa actividade colexial. As diferentes seccións (Clínica, Educativa, Xurídica, Intervención Social e Traballo e Organizacións), comisións e grupos de traballo desenvolveron un importante número de xuntanzas e actividades en forma de xornadas anuais, cursos de formación e elaboración de materias, que se detalla nos diferentes apartados da Memoria.

Entre as novidades, destaca a sinatura do convenio de Mediación Intraxudicial na provincia de Ourense. Ampliase así o Programa Experimental de

Mediación Intraxudical que se vén desenvolvendo en Santiago de Compostela desde 2009 en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal e os Colexios Profesionais da Avogacía e Psicoloxía. Os froitos deste convenio son notables desde o punto de vista profesional e social, xa que permite mostrar á sociedade as posibilidades da nosa profesión para participar na solución eficaz de importantes problemáticas sociais e xudiciais, como é a resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia.

Outros programas e convenios do COPG con diferentes administracións e institucións, mantiveron ao longo do ano unha intensa actividade de coordinación, formación e intervención, como é o caso do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e outras persoas dependentes que conviven con elas, do Programa Abramos o Circulo de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar e o convenio con Protección Civil para a Intervención en Catástrofes e Emerxencias.

Asemade, ampliouse a colaboración do Grupo de Tráfico e Seguridade co Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior para desenvolver as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, dirixidas a aquelas usuarias e usuarios penados por delitos relacionados coa seguridade viaria e o tráfico.

Tamén foi en 2010 cando iniciamos unha nova colaboración coa Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), para realizar o acompañamento e apoio psicolóxico das familias que están en proceso de localización e recuperación dos corpos de familiares represaliados e asasinados durante a Guerra Civil e o franquismo.

As comisións e grupos de traballo tampouco quedaron atrás en canto a actividades de coordinación, formación e análise. O Grupo de Traballo do GIPCE foi activado en máis dunha ducia de ocasións e ao longo do ano realizou diversas actividades formativas. A Comisión Intersectorial de Mediación participou no seguimento e actualización dos Convenios de Mediación Intraxudicial e a Comisión de Cultura organizou un ano máis a edición do premio literario Rosa de Cen Follas. Mención merece tamén a Comisión de Psicoloxía do Deporte que participou na elaboración e edición dun CD interactivo sobre Valores no Deporte xunto coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS).

En febreiro celebramos o segundo encontro ACHEGAS DA PSICOLOXÍA. Foi unha xornada para o encontro, a celebración e a proxección pública da Psicoloxía galega. No transcurso do acto fíxose entrega do Premio Dolores Llópiz de Psicoloxía e Sociedade ao Fiscal Xeral de Galicia D. Carlos Varela García, pola súa clara e firme defensa do papel da Psicoloxía na resolución de problemáticas xudiciais e penais.

En novembro celebramos os 30 anos do COPG reunindo nun sinxelo e emotivo acto a todas as persoas que durante estes anos formaron parte dalgunha das Xuntas Rectoras e/ou Xuntas de Goberno do COPG. Ademais de lembrar e compartir experiencias pasadas e proxectar ilusións e ideas para o futuro, o primeiro Presidente do COPG, o Profesor Miguel Pérez Pereira, glosou a modo de homenaxe a figura do seu (noso) Profesor D. Miguel Siguán i Soler, finado o 8 de maio de 2010.

Esta variada e importante actividade colexial ten tamén o seu reflexo na representación institucional do noso Colexio profesional ante a Administración Pública, promovendo entrevistas coa Secretaría Xeral de Igualdade, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Sanidade e a Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para tratar cuestións substantivas sobre a orientación sociopolítica de políticas e servizos de benestar social nos que a Psicoloxía e os e as profesionais temos un papel decisivo.

Igualmente intensa foi a participación en actividades de carácter social.

No pasado ano temos que destacar a participación do COPG na organización e desenvolvemento do FORO MUNDIAL DA EDUCACIÓN, INVESTIGACIÓN E CULTURA DE PAZ, que se celebrou en Santiago de Compostela. Coa mesma idea de estreitar a cooperación con outras asociacións e entidades, mantívose viva a colaboración coa Federación de Familiares de Enfermos Mentais (FEAFES) e a participación na Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais.

Mención tamén merece a participación no VII CONGRESO IBEROAMERICANO DE PSICOLOXÍA e na III Convención do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos sobre o presente e futuro da Psicoloxía que se celebraron no mes de xullo na cidade de Oviedo. O noso Colexio ademais de presentar 4 ponencias diferentes foi responsable de coordinar áreas de traballo e mesas redondas nas que abordamos aspectos significativos para o desenvolvemento futuro da Psicoloxía e da organización colexial.

Como lembraredes, o ano 2010 acompañámolo do lema “POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”, porque pensamos que como profesionais comprometidos cunha sociedade máis xusta e igualitaria temos que dar pasos decididos na erradicación de toda forma de sufrimento e violencia e, hoxe por hoxe, a violencia estrutural contra as mulleres é a forma de desigualdade máis inasumible e dramática que soporta a nosa sociedade.

Non podemos rematar a introdución a esta Memoria de Actividades 2010, sen facer mención a que no mes de maio celebrouse o proceso de eleccións á Xunta de Goberno. Unicamente se presentou unha candidatura que renova a equipa presidida pola actual Decana. A nova Xunta de Goberno mantén firme o compromiso de facer do noso Colexio un espazo de relacións entre profesionais, como un foro participativo no que se debatan os aspectos de interese para a nosa profesión, no que se investiguen novos ámbitos de actuación, no que conflúan os diversos puntos de vista desde a docencia, a investigación e a práctica profesional.

Esperamos as vosas suxestións que con seguridade seguirán contribuíndo a conseguir logros que farán que a Psicoloxía e o COPG sexan cada vez máis coñecidos e útiles no ámbito profesional e social.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	08
2. Órganos de xestión	09
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	09
Xunta de Goberno	10
3. Comisión Ética e Deontoloxía	12
4. Valedor/a das Colexiadas e Colexiados	14
5. Seccións	15
Sección de Psicoloxía Clínica	15
Sección de Psicoloxía Educativa	18
Sección de Psicoloxía Xurídica	19
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	22
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	25
6. Comisións	28
Comisión Intersectorial de Mediación	28
Comisión Intersectorial de Xénero	29
Comisión de Psicoloxía do Deporte	30
Comisión de Cultura	31
7. Grupos de Traballo	32
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	32
Grupo de Trafico e Seguridade	34
8. Convenios de Colaboración	36
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero	36
Programa “Abramos o Círculo”	38
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	39
Mediación Intraxudicial	40
“Xornadas de Concienciación” de Seguridade Viaria	41
Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	42
Universidade de Santiago de Compostela	42
Fundación Meniños	43
9. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense	44
10. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía	45
11. Eventos colexiais	46
12. Representación Colexial nos Consellos da Administración	48
13. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia	49
14. Relacións e Colaboracións Institucionais	53
15. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos	58
16. Publicacións	61
17. Medios de Comunicación	63
18. Servizos Colexiais	69
19. Balances Económicos	72

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31/12/2010

Altas	183
Última promoción	66
Outras promocións	100
Reincorporacións	8
Traslados	9

Baixas	113
Voluntarias	77
Por falta de pagamento de cotas	21
Traslados	15

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía Clínica	249
Sección de Psicoloxía Educativa	83
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	67
Sección de Psicoloxía Xurídica	111
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	73

Total de colexiados e colexiadas
a 31/12/2010

2.251

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS/OS

A Asemblea Xeral de Colexiadas/os é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os Colexiados e Colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 25 de maio. Sesión Ordinaria.
- 21 de decembro. Sesión Ordinaria.



25 de maio. Sesión Ordinaria.



21 de decembro. Sesión Ordinaria.

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.



Xunta de Goberno ata o 25 de maio



Xuntanza para o traspaso de competencias

ATA O 25 DE MAIO

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano / Coordinador
da Comisión Intersectorial
de Mediación / Responsable
da Páxina Web

Ana M^a Fieira Nogareda
Secretaria

M^a Concepción Prado Álvarez
Vicesecretaria
Responsable de Emprego

Miguel Ángel Chouza Ponte
Tesoureiro

Xosé Lois Cea Nogueira
Vogal

José Luís Domínguez Rey
Vogal / Responsable da Circular
Informativa / Correspondente
de Infocop

Concha Fernández Fernández
Vogal / Coordinadora da Comisión /
Intersectorial de Xénero

Eva Muíño Gómez
Vogal / Coordinadora Grupo de
Traballo de Tráfico e Seguridade

Antonio González Fernández
Vogal / Coordinador da Xunta de
Goberno coa Comisión de Ética
e Deontoloxía

Concepción Rodríguez Pérez
Vogal / Vogalía de Actividade
Profesional Privada

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Vogal / Vogalía de Formación

Ata esta data celebráronse un total de 3 Xuntas de Goberno ordinarias para a dirección e xestión da actividade colexial.

A Xunta de Goberno do COPG, con data 29 de xaneiro de 2010, acordou convocar eleccións. O proceso culminou coa proclamación definitiva de resultados o 15 de maio, efectuada pola Comisión Electoral.

O día 25 de maio tivo lugar a xuntanza para o traspaso de competencias da Xunta de Goberno saínte á Xunta de Goberno entrante, na que participaron:

Pola Xunta de Goberno saínte

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano

Ana Fieira Nogareda
Secretaria

José Luis Domínguez Rey
Vogal

Pola Xunta de Goberno entrante:

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana

Miguel A. Chouza Ponte
Tesoureiro

Concepción Fernández Fernández
Secretaria

Ana Isabel Martínez Arranz
Vogal

A PARTIRES DO 25 DE MAIO

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano / Coordinador da
Comisión Intersectorial de Mediación
Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández
Secretaria / Coordinadora da
Comisión Intersectorial de Xénero

M^a Concepción Prado Álvarez
Vicesecretaria / Responsable de
Emprego / Responsable da Biblioteca

Miguel Ángel Chouza Ponte
Tesoureiro
Responsable de Servizos

José Luís Domínguez Rey
Vogal / Responsable da Circular
Informativa Correspondente
de Infocop

Ana M^a Fieira Nogareda
Vogal
Vogalía do Social

Antonio González Fernández
Vogal
Coordinador da Xunta de Goberno
coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Isabel Martínez Arranz
Vogal
Coordinadora do Grupo de
Intervención Psicolóxica en Catástrofes
e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez
Vogal
Coordinadora Grupo de Traballo de
Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco
Vogal
Responsable de Cadernos de Psicoloxía

Concepción Rodríguez Pérez
Vogal

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Vogal
Vogalía de Formación

Celebráronse un total de 5
reunións da Xunta de Goberno
para a dirección e xestión
da actividade colexial.



Xunta de Goberno a partires do 25 de maio

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión Ética e Deontoloxía está formada por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados/as pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 19 de xaneiro
- 23 de febreiro
- 23 de marzo
- 6 de abril
- 26 de abril
- 24 de maio
- 1 de xuño
- 28 de xuño
- 20 de xullo
- 24 de agosto
- 25 de outubro
- 29 de novembro
- 13 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
Presidente

Marta Rivas Rodríguez
Secretaria (Ata o 21 de decembro)

M^a Ángeles Castro Díaz
Secretaria (A partires do 21 de decembro)

M^a Ángeles Castro Díaz
(Ata o 21 de decembro)

Ana Díaz Vargas

Rocío García Calvo

Concepción González Poza
(A partires do 21 de decembro)

Vogais

Antonio González Fernández
Coordinación coa Xunta de Goberno



Comisión de Ética e Deontoloxía

ACTIVIDADES

a) Denuncias:

Abríronse quince expedientes durante 2010 e a súa situación é a que segue:

- 4 expedientes son admitidos a trámite, quedando resoltos tres e un en proceso de instrución.
- 9 expedientes non se admiten a trámite.
- 2 expedientes teñen abertas dilixencias preliminares.

b) Servizo de consultas:

- Posta en marcha na páxina web do COPG dun servizo de consultas ao que poden dirixirse os Colexiados e Colexiadas para plantexar dúbidas sobre cuestións de ética e deontoloxía no exercicio da profesión. Preténdese ofrecer unha orientación que sirva para previr posteriores queixas por parte de usuarias/os, ofrecendo unha valoración e fundamentación ética das diferentes alternativas posibles. Esta resposta non é vinculante para o Colexiado/a que consulta, senón que se trata dunha opinión razoada na que fundamentar as súas propias decisións. Durante este ano respondéronse un total de 17 consultas.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constitúese como Comisión Electoral no proceso electoral á Xunta de Goberno do COPG, conformada polo seguintes membros:

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
Presidente

Marta Rivas Rodríguez
Secretaria

M^a Ángeles Castro Díaz
Vogal



4.

**VALEDOR/A DAS COLEXIADAS
E DOS COLEXIADOS**

José Manuel Pazos Riveiro
Valedor das/os Colexiadas/os

A figura do/a Valedor/a das Colexiadas e dos Colexiados ven especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no capítulo XI, como un/unha defensor/a dos dereitos e intereses de todos/as os/as colexiados/as perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das/os Colexiadas/os:

José Manuel Pazos Riveiro

- Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do Valedor en ningunha causa ou circunstancia das que prescribe o Regulamento que ordena as competencias desta instancia.
- O Valedor, José Manuel Pazos Riveiro, presentou unha análise e proposta de modificación do artigo 12 do Regulamento do Valedor das Colexiadas e Colexiados do COPG, aprobado posteriormente na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do 21 de decembro de 2010.

5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 2 de febreiro
- 6 de abril
- 2 de xuño
- 7 de setembro
- 6 de outubro
- 16 de novembro
- 26 de novembro
(Asemblea de Socios/as)
- 14 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Xavier Sardíña Agra
Presidente

Delia Guitián Rodríguez
Vicepresidenta

Rosa Cerqueiro Landín
Secretaria

Manuel Castro Bouzas
Tesoureiro

Carlos Álvarez García
Áurea Álvarez Rodríguez
Ignacio Dopico González
Mercedes Fernández Cabana
Javier González Hermida
Vogais



Composición da Xunta Directiva

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- *Formación en neuropsicología: funcións executivas*
 Datat: 22 e 23 de xaneiro
 Docente: Javier Tirapu Ustarroz. Neuropsicólogo na Clínica Ubarmin de Navarra.
- *Terapia familiar breve*
 Datat: 9 e 10 de abril
 Docente: José Luis Rodríguez-Arias Palomo. Doutor en Psicología e Psicólogo Clínico do Hospital “Virxe da Xunqueira” de Cee (A Coruña)
- *Formación en neuropsicología: dano cerebral adquirido*
 Datat: 11 e 12 de xuño
 Docentes: Iñigo Urrutikoetxea e Ignacio Sánchez Cubillo. Psicólogos do Servizo de Dano Cerebral do Hospital Aita Menni de Mondragón (Gipuzkoa).

b) Xornadas da Sección:

- XV Xornada da Sección de Psicología Clínica co título “Tratando a Persoa con Psicose”
 Datat: 26 e 27 de novembro
 Lugar: Salón de Actos do Fogar dos Maiores de Allariz (Ourense).

Comité Organizador:

Luis Nogueiras Fernández, Presidente
 Nuria Seijas Fernández, Vogal

Comité Científico:

Yolanda Castro Casanova, Presidenta
 José Javier González Hermida, Vogal

c) Anuario de Psicología Clínica:

- Consello de Redacción composto por:
Gonzalo Martínez Sande
 Director
Rosa Cerqueiro Landín,
Marisol Filgueira Bouza
Delia Guitián Rodríguez
Manuel Santiago Lopo Lago
José Antonio Muñiz Torrado
Rosa Rey Pousada
José Luis Rodríguez-Arias Palomo
- *Anuario de Psicología Clínica número 5*
 Edición en formato dixital.





De arriba abaixo e de esquerda a dereita: Formación en neuropsicoloxía: funcións executivas, Anuario, XV Xornada da Sección de Psicoloxía Clínica e Formación en neuropsicoloxía: dano cerebral adquirido

d) Grupos de Traballo:

■ Grupo de Traballo dos/as titores/as dos/as psicólogos/as internos/as residentes (PIR):

Composición: Santiago Lago Canzobre (Coordinador) / Mercedes Castro Bal/ Miguel Anxo García Álvarez / M^a del Carmen Martínez Sánchez / Gonzalo Martínez Sande / Julia Amalia Rodríguez Suárez.

Neste ano publicouse o novo programa formativo da especialidade de Psicoloxía Clínica cun aumento dos anos de formación, a 4 actuais, e con algunhas modificacións do programa como son a inclusión da Atención continuada /gardas desde o primeiro ano de residencia, ou a rotación en Atención Primaria.

■ Grupo de Traballo de Investigación en Psicoterapias:

Composición: Marisol Filgueira Bouza (coordinadora) / José Eduardo Rodríguez Otero (metodoloxía)/ Fe Lacruz Pardo (psicanálise) / Rosa Rey Pousada (psicodrama) / M^a Jesús Álvarez Sos (cognitivo-conductual) / José Luis Rodríguez-Arias Palomo (sistémica).

Rematada a primeira etapa da investigación sobre “Procesos e Resultados en Psicoterapia (2005-2009)”, e presentados os resultados no 1º Congreso Galego de Psicoloxía Clínica (maio-2009), o Grupo de Traballo de Investigación en psicoterapia dispónse a proseguir o estudo, co plantexamento de estendelo ao maior número de profesionais, co obxectivo de incorporar á práctica habitual do noso traballo o uso sistemático dun protocolo de avaliación, co obxectivo de consolidar un procedemento de control da calidade das nosas intervencións psicolóxicas.

■ Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía:

Composición: José Javier González Hermida (Coordinador) / Irene Martínez Montero / Rocío García Calvo/ Xavier Sardiña Agra.

Este grupo foi creado para organizar un programa de docencia continuado en neuropsicoloxía para os vindeiros anos. Resultado disto son os dous cursos de formación en neuropsicoloxía organizados pola Sección, con moi boa valoración por parte dos/as asistentes, e a petición de máis cursos nesta área, en proceso de organización nestes momentos.

e) Delia Guitián Rodríguez, Vicepresidenta, asistiu ás **reunións coa Mesa Galega da Psicoloxía Clínica.**

f) Elaboración de Xavier Sardiña Agra da “**Guía e 5 simulacros**”, material de apoio para a preparación da proba teórica para o título de especialista en Psicoloxía Clínica por vía transitoria da Orde PRE 1107/2020, de 10 de maio, celebrada no mes de novembro.

g) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.**

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de xaneiro
- 25 de febreiro
- 7 de abril
- 26 de maio
- 18 de outubro
- 18 de decembro
(Asemblea de Socios/as)



Composición da Xunta Directiva



Xornadas “Abordaxe das Adicións no Ámbito Educativo”



Xornadas “A Violencia e Acoso Escolar”

COMPOSICIÓN

DA XUNTA DIRECTIVA

Olegaria Mosqueda Bueno
Presidenta

Manuela del Palacio García
Vicepresidenta

M^a Concepción Pazo Ferreiro
(Ata o 18 de decembro)

M^a Asunción Teijeira Bautista
(A partires do 18 de decembro)
Secretaria

José Carlos Cardama Barrientos
Tesoureiro

M^a Belén Álvarez Sande
(Ata o 18 de decembro)

M^a Carmen Lorenzo Vila
(A partires do 18 de decembro)

M^a Asunción Teijeira Bautista
(Ata o 18 de decembro)

Ana Ulloa Lage
(A partires do 18 de decembro)

Alejandro Luis Vaghetti Jou
Vogais

ACTIVIDADES

a) Xornadas:

- *Abordaxe das Adicións no Ámbito Educativo*
Ponentes: Elisardo Becoña Iglesias. Catedrático de Psicoloxía Clínica da Universidade de Santiago de Compostela. / Óscar Carreño Miniño. Psicólogo. Responsable do Programa de Prevención das Drogodependencias da Mancomunidade do Val Miño.

Datas: 12 e 13 de marzo.

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

- *A Violencia e Acoso Escolar. Implicacións Xudiciais, Prevención e Intervención Educativa (Módulo Educativo)*

En colaboración coa Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG

Datas: 12 e 13 de novembro.

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo (Campus de Ourense).

Coordinadora: Olegaria Mosqueda Bueno.

b) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.

5. 3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 16 xaneiro
(Asemblea de Socios/as)
- 8 de marzo
- 27 de marzo
(Asemblea de Socios/as
Extraordinaria)
- 5 de xuño
- 11 de setembro
- 23 de setembro
- 23 de outubro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Carmen Morell Muñoz
Presidenta

Ana Suárez Martínez
Vicepresidenta

Rubén Villar Trencó
Secretario

Ana Izquierdo Galante
Tesoureira

Clara Isabel Fernández Rodicio

M^a Isabel Rodríguez Prego

Julita M^a Touriño Araújo

Juan Carlos Forneiro Casas

José Antonio Varela Alonso
Vogais

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- *Autopsia Psicolóxica na Psicoloxía Xurídica*
Curso de formación interna para socios/os da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. Data: 16 de xaneiro
Ponente: Beatriz Dorrio Lourido. Psicóloga.
- *Avaliación do Dano Psicolóxico*
Curso de formación interna para socios/os da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. Data: 27 de marzo
Ponente: Carlos Domínguez Robledo. Psicólogo.
- *A Pericial Psicolóxica en Dereito Laboral*
Curso de formación interna para socios/os da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. Data: 28 de maio
Ponente: Ana Izquierdo Galante. Psicóloga Clínica.
Máster en Psicoloxía Xurídica.



De arriba abaixo e de esquerda a dereita:
Xunta Directiva, Autopsia Psicolóxica na Psicoloxía
Xurídica e A Pericial Psicolóxica en Dereito Laboral

- *Valoración de Incapacidades*
Curso de formación interna para socias/os da Sección de Psicología Xurídica do COPG.
Data: 10 de setembro
Ponente: Beatriz Dorrio Lourido. Psicóloga.
- *A Ira na Condición. Tratamento da Ira como Pena Substitutiva*
En colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG
Curso de formación interna para socias/os da Sección de Psicología Xurídica do COPG.
Data: 25 de setembro
Ponente: Juan Manuel Romero Lorenzo. Psicólogo especialista en Tráfico e Seguridade Viaria.
- *Neuropsicología Forense*
Data: 8 e 9 de outubro
Ponente: Sara Fernández Guinea. Profesora titular da Facultade de Psicología da Universidad Complutense de Madrid.
- *Lei penal dola menor. Avaliación do risco*
Curso de formación interna para socias/os da Sección de Psicología Xurídica do COPG.
Data: 16 de outubro
Docente: Clara Isabel Fernández Rodicio. Psicóloga e Profesora Asociada da Facultade de Educación da Universidade de Vigo.



Valoración de Incapacidades



Valoración de Incapacidades



Xornadas da Sección

b) Xornadas da Sección:

- *A Violencia e Acoso Escolar. Implicacións Xudiciais, Prevención e Intervención Educativa (Módulo Xurídico)*
En colaboración coa Sección de Psicología Educativa do COPG
Data: 17 e 18 de decembro.
Lugar: Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo (Campus de Ourense).
Coordinadora: Clara Isabel Fernández Rodicio.

c) Conferencias:

- *Estudo sobre a autopsia psicolóxica en Galicia: Adaptación e validación da SSIPA (Semi-structured Interview for Psychological Autopsy) en español*
Ponente: Alejandro García Caballero. Psiquiatra. Responsable da Unidade de Psicoxeriatría do Complexo Hospitalario de Ourense.
Data: 16 de xaneiro.
Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.
- *A Valoración Xurídica do Menoscabo Psíquico nas Vítimas de Violencia de Xénero*
Data: 27 de marzo
Ponentes: Aránzazu San José González e Pilar Fernández Pérez. Fiscais da Fiscalía de Santiago de Compostela.
Lugar: Salón de Actos do COPG



Curso "Neuropsicología Forense"

d) Colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG na organización da *Sesión Técnica “Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC”*

Data: 19 de xuño

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Ponente: José M^a Tous Ral. Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico. Universitat de Barcelona.

e) Grupo de Traballo para a elaboración dunha Guía de Boas Prácticas

Coordinadora: Julita M^a Touriño Araújo

Colaboradoras: Ana Luisa Udías Vázquez e Carmen Morell Muñoz

Familia: Ana Molins de Sas, Carlos Evaristo Domínguez Robledo, José Antonio Varela Alonso e Julita M^a Touriño Araújo.

Credibilidade da testemuña a menores: José Antonio Varela Alonso, Juan Carlos Forneiro Casas, Luisa Fidalgo Rodríguez, Concepción Cendón Dacosta, Blanca Navarro Munaiz e Joaquín Prieto Flores.

Valoración de mobbing: Beatriz Dorrio Lourido, Emma Diéguez Teijeiro, Ana Belén Vidal Ramos e Julita M^a Touriño Araújo.

f) Colaboración no curso “Acreditación profesional e Áreas de intervención” organizado pola Universidade de Educación a Distancia de Ourense dentro dos seus cursos de extensión universitaria. Celebrado en Ourense entre os días 22 e 26 de febreiro do 2010.

g) Participación na Comisión de Periciais do COPG.

h) Participación nas Comisión Intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.



Conferencia “Estudo sobre a autopsia psicolóxica en Galicia”



Conferencia: “A Valoración Xurídica do Menoscabo Psíquico...”

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 16 de marzo
- 6 de maio
- 8 de xuño
- 28 de setembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luis Domínguez Rey
 Coordinador

José Manuel Campal Fernández
 Mónica Couso Fuentes
 Ana M^a Fieira Nogareda
 Concepción López Martín
 Eva Muíño Gómez
 Carlos Montes Piñeiro
 M^a Concepción Prado Álvarez
 Vogais

ACTIVIDADES



Xunta Directiva



Foro: “Mercado Laboral de Recursos Humanos. Orientamos por Competencias?”

a) Foro: “Mercado Laboral de Recursos Humanos. Orientamos por Competencias?”

Data: 22 de maio

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: José Luis Domínguez Rey

Conferencia:

- *A Orientación Laboral por Competencias.*
 Ponente: M^a Pilar del Pueblo López. Consultora de Recursos Humanos e Técnica de Orientación Laboral. Col.legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana.

Mesa Redonda “Propostas e Reflexións nun Escenario Laboral Cambiante”:

- *Situación da Orientación Laboral en Galicia.*
 Ponente: José Manuel Campal Fernández.
 Orientador Laboral. Concello de Viveiro (Lugo).
- *Un Marco de Referencia da Orientación Laboral na Comunidade Valenciana.*
 Ponente: M^a Pilar del Pueblo López.
 Consultora de Recursos Humanos e Técnica de Orientación Laboral. Col.legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana.
- *Contribución da Psicoloxía á orientación laboral e propostas dende o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.*
 Ponente: M^a Concepción Prado Álvarez.
 Vogal de Emprego do COPG.

b) Sesións informativas: “Consolidando Novos Roles”

Destinadas a estudantes de 5º curso da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Coordinador: José Luis Domínguez Rey

■ *Estrutura do GIPCE e Funcións do/a Psicólogo/a*

Data: 11 de novembro

Ponentes: Ana Isabel Martínez Arranz.

Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG / Concepción López Martín. Membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

■ *Posibilidades de Emprego no Ámbito da Orientación Laboral*

Data: 24 de novembro

Ponente: José Manuel Campal Fernández.

Responsable do Servizo de Orientación Laboral. Concello de Viveiro (Lugo).



Sesión informativa: Estrutura do GIPCE e Funcións do/a Psicólogo/a”



Posibilidades de Emprego no Ámbito da Orientación Laboral

c) Colaboración coa Comisión Intersectorial de Mediación do COPG na organización do **Relatorio**

“A Mediación Laboral como Axuda ao Entendemento: Unha Experiencia de Mediación Directiva ou Avaliativa”

Data: 27 de febreiro

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Ponente: Julio Iglesias Rodríguez. Departamento de Formación. Grupo PSA-Citroën Vigo.

d) Colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG na organización da **Sesión Técnica “Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC”**

Data: 19 de xuño

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Ponente: José Mª Tous Ral. Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico. Universitat de Barcelona.



Presentación do tríptico “Ámbitos de Actuación do Psicólogo/a do Traballo e das Organizacións”.

e) Presentación do tríptico “Ámbitos de Actuación do Psicólogo/a do Traballo e das Organizacións”.

Data: 28 de setembro / Lugar: Salón de Actos do COPG

O tríptico foi elaborado pola Sección co obxectivo de divulgar e promover a figura e versatilidade do/a profesional PTO.

Descríbense os distintos ámbitos e quefaceres da intervención no contexto dos Recursos Humanos. A sesión de presentación correu a cargo de Carlos Montes Piñeiro, membro da Sección.

f) Elaboración da seguinte documentación:

- Documentos informativos de uso interno:
Reforma Laboral 2010. Medidas Relevantes e Real Decreto (BOE nº 147, 17 de xuño de 2010). Outubro 2010. / Directorio de Empresas de Traballo Temporal 2 ”. Outubro 2010.
- *Normativa de Desenvolvemento na Formación para o Emprego. Xornada Técnica. Marzo 2010.*
- Material e Documentación da Mesa Redonda *Propostas e Reflexións nun escenario Laboral Cambiante*. Maio 2010.
- *Guía de Empresas que Ofrecen Emprego 2010-2011*. Fundación Universidad Empresa.

g) Arquivo de publicacións da Sección

- *Capital Humano*
- *Training&Development Digest*
- *Harvard Deusto Business Review*
- *Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*
- *Socioloxía do Traballo*
- *Dirección y Organización*

h) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 6 de febreiro
- 29 de maio
- 4 de setembro
- 16 de outubro
(Asemblea de Socios/as)v

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

David Facal Mayo
Vicepresidente

M^a José Fares Varela
Secretaria

Elena Seoane de la Fuente
Tesoureira

Encarnación Álvarez Gallego

M^a Leonor Galiana Caballero

Ignacio Vázquez Rodríguez

Isabel González-Abraldes Iglesias

M^a Elena Bastos Expósito
Vogais

ACTIVIDADES

a) Xornadas:

- *I Xornada de Coidado e Xénero*
Coa colaboración da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG
Data: 6 de marzo
Lugar: Salón de Actos do COPG
Coordinadora: M^a José Fares Varela



Xunta Directiva



I Xornada de Coidado e Xénero

- *Novos Retos da Inclusión Social en Galicia: Perspectiva Psicolóxica*
 Datas: 29 de maio
 Lugar: Salón de Actos do COPG
 Coordinadora: M^a Leonor Galiana Caballero
- *Intervención Psicosocial: O Traballo Día a Día*
 Datas: 16 de outubro
 Lugar: Salón de Actos do COPG
 Coordinadoras: M^a Leonor Galiana Caballero e M^a Jesús López Cernadas

b) Colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG na organización da **Sesión Técnica “Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC”**

Data: 19 de xuño
 Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
 Ponente: José M^a Tous Ral, Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico. Universitat de Barcelona.

c) Grupos de Traballo:

- **Grupo de Traballo sobre o/a Psicólogo/a nos Servizos Sociais dos Concellos**
 Creado para investigar e actualizar o coñecemento sobre a profesión neste eido e impulsar un traballo en rede dos/as profesionais da Psicoloxía nos concellos así como intentar unificar criterios de actuación.
 Composto por:
 M^a Elena Bastos Expósito
 Cristina Fontaíña García
 Ana Rosa Viturro Dieste



Novos Retos da Inclusión Social en Galicia



Intervención Psicosocial: O Traballo Día a Día



- **Grupo de Traballo sobre a Psicología e o Terceiro Sector en Galicia**
Creado coa finalidade de afondar no rol da Psicología no Terceiro Sector e a elaboración dun documento marco sobre o posicionamento dos/as profesionais da Psicología no Sector e dunhas liñas estratéxicas de actuación.

Composto por:

David Facal Mayo

Ignacio Vázquez Rodríguez

José Luis Santos-Ascarza Bacariza

- d) Elaboración e difusión a todas as alcaldías de Galicia do tríptico **Funcións do/a Psicólogo/a nos Servizos Sociais do Concellos.**
- e) Participación como ponente da **Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas,** na mesa redonda *A situación xeral das persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Desafío: A inclusión social*, que o 21 de xullo se levou a cabo en Compostela ao abeiro do Foro *Persoas con discapacidade: Capacitadas para o emprego*, organizado por Grupo Correo Gallego.
- f) Participación como ponente da **Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas,** o 27 de xullo na mesa redonda *Visión interprofesional dos contextos de acción nos Servizos Sociais*, celebrada ao abeiro do Curso de Verán da Universidade de Santiago de Compostela *Os espazos de vida cotiá, contexto e contido da Educación Social nos servizos sociais*, que se desenvolveu en Santiago de Compostela o 26 e 27 de xullo.
- g) Participación nas **Comisións Intersectoriais do COPG** de Xénero e Mediación.



Grupo de Traballo sobre o/a Psicólogo/a nos Servizos Sociais dos Concellos

6. COMISIONS

6.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN



Composición da Comisión



Xornada "Mediando:
Practicando a Mediación"

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado/a por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as/os colexiadas/os coma nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Juan Manuel Daponte Codina (Ata o 25 de xuño)

Hipólito Puente Carracedo (A partires do 25 de xuño)

Coordinador

Áurea Losada Quinteiros

Clínica

M^a Asunción Teijeira Bautista

Educativa

M^a Elena Bastos Expósito

Intervención Social

José Luís Domínguez Rey

Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Isabel Rodríguez Prego

Xurídica

ACTIVIDADES

a) Xornada "Mediando: Practicando a Mediación"

Datas: 26 e 27 de febreiro / Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Ponentes: Carlos Romera. Universidade do País Vasco. / Ana Ulloa Lage. Psicóloga. Orientadora IES Chamoso Lamas. / Julio Iglesias Rodríguez. Grupo PSA-Citroën. / Lola Montejo Cunilleras. Mediadora do Equipo de Mediación y Convivencia Cataluña. / Olga Failde Picallo. Avogada. Juan Manuel Daponte Codina. Psicólogo. Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela.

b) Elaboración da Comunicación "Un ano da experiencia piloto do Servizo de Mediación Intraxudicial nos xulgados de Santiago de Compostela", presentada o día 20 de xullo no VII Congreso Iberoamericano de Psicoloxía, celebrado en Oviedo.

6.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de febreiro

Está composta por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado/a por cada unha destas xunto coa coordinadora da Comisión dos CIM e os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero e “Abramos o Círculo”.



Composición da Comisión



I Xornada de Coidado e Xénero

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concha Fernández Fernández

Coordinadora

Rosa Cerqueiro Landín

Clínica

Alejandro Luis Vaghetti Jou

Educativa

M^a José Fares Varela

Intervención Social

M^a Concepción Prado Álvarez

Psicología do Traballo e das Organizacións

Carmen Morell Muñoz

Xurídica

Margarita de la Calle Bermejo

Comisión CIM

Joaquín Prieto Flores

Programa Abramos o Círculo.

Manuel Lopo Lago (Ata o 25 de xuño)

Rocío Trastoy García (A partires do 25 de xuño)

Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero.

ACTIVIDADES

- a) Colaboración coa Sección de Psicología da Intervención Social do COPG na organización da *I Xornada de Coidado e Xénero*

Data: 6 de marzo

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinadora: M^a José Fares Varela

- b) Participación da Coordinadora da Comisión, Concha Fernández Fernández, o 31 de maio nunha xuntanza convocada pola Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela na que se presentou o proxecto “Itinerario de intervención con mulleres para o tratamento e prevención de violencia de xénero” e se creou unha comisión técnica de coordinación e seguimento do mesmo.

6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de abril

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Dolores González Fernández

Coordinadora

Eva García Quinteiro

Secretaria

Cristina de Francisco Palacios

Graciela Lois Río

Rut Otero Triñanes (Ata o 5 de novembro)

Julio Prol Bao

Mario Salvador Fernández

Iria Salvador Pérez

Delfina Vicente Santiago

ACTIVIDADES

- a) **Aportacións** para a creación do borrador do Regulamento de Réxime Interno da División de Psicoloxía do Deporte do Consejo General de COP.



Composición da Comisión

6.4. COMISIÓN DE CULTURA

Ao longo do 2010 a Comisión de Cultura organizou as seguintes actividades:

a) III Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas” de poesía e narrativa

Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada. Decana

Concepción Rodríguez Pérez.

Coordinadora da Comisión de Cultura e Escritora

Joel Gómez. Xornalista

Iolanda Rodríguez Aldrey. Escritora

O Concurso Literario foi convocado no mes de maio e ao mesmo presentáronse un total de 20 obras. O fallo do xurado fíxose público o 22 de xuño, que acordou por unanimidade outorgar o premio na modalidade de poesía a *As Feridas das Enrugadas* de Rocío Leira Castro e na modalidade de narrativa a *As Moscas* de Mario Caneiro Amaneiros. A entrega dos premios aos gañadores tivo lugar o 14 decembro na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela.



III Concurso Literario do COPG

7. GRUPOS DE TRABAJO

7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de xaneiro
- 22 de febreiro
- 22 de marzo
- 19 de abril
- 24 de maio
- 14 de xuño
- 12 de xullo
- 30 de agosto
- 27 de setembro
- 18 de outubro
- 8 de novembro
- 13 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz

Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines

Secretaria

Jesús Alberto Carballo Bouzas (A partires do 8 de novembro)

José Ramón García Gomez (Ata setembro o 27 de setembro)

Alejandra Garralón Comesaña (Ata o 30 de agosto)

Elena González Cid

M^a Carmen González Hermo (A partires do 8 de novembro)

Concepción López Martín

Fátima López Rodríguez (A partires do 8 de novembro)

M^a Luz Losada Somoza

Aurora Rozadilla Arias

Isabel Vázquez Prado



Composición da Comisión Coordinadora

ACTIVIDADES

a) Actividades Formativas:

- Curso *Traballando coas Emocións en Catástrofes e Emerxencias*
 Datas: 12 e 13 de febreiro
 Docente: Beatriz Rodríguez Vera. Psiquiatra. Hospital Universitario La Paz. Madrid.
 Lugar: Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela
- Curso *Aspectos Psicológicos da Comunicación en Urxencias, Emerxencias e Desastres (UED)*
 Data: 16 e 17 de abril
 Docente: Patricia Acinas Acinas. Psicóloga. Especialista en Psicología de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes, e Intervención en Dó.
 Lugar: Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela



Curso “Traballando coas Emocións en Catástrofes e Emerxencias”



Curso “Aspectos Psicológicos da Comunicación en Urxencias, Emerxencias e Desastres (UED)”



Curso Psicoterapia con Superviventes de Situacións Extremas



“Menores: Impacto e Intervención Psicológica”

■ Curso *Psicoterapia con Superviventes de Situacións Extremas*

Data: 17 e 18 de setembro

Docente: Pau Pérez Sales. Psiquiatra. Director da Unidade de Trauma Complexo do Hospital Universitario La Paz. Madrid.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

b) Participación nas seguintes actividades

- Asistencia ás I Xornadas de Emerxencias e Catástrofes “Menores: Impacto e Intervención Psicológica”, celebradas en Santander os días 29 e 30 de outubro.
- Impartición da Sesión Informativa da Sección da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións: “Estrutura do GIPCE e Funcións do/a Psicólogo/a”, celebrada o 10 de novembro, organizada pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG e dirixida a alumnos/as de 5º curso de Psicoloxía da Facultade en Santiago de Compostela.
- Visita ao 112 e 061 o día 24 de xuño.

c) Documentación

- Realización e posterior envío do boletín do GIPCE nos meses de xaneiro, abril e outubro con información sobre a Comisión Coordinadora, as accións formativas, alertas e intervencións e outra información de interese.
- Elaboración da Guía de Autoaxuda para Persoas Afectadas por Situacións Críticas.

d) Mobilizacións e intervencións

- Accidentes de tráfico:
 - 5 de marzo. O Morrazo (Pontevedra).
 - 27 de abril. O Morrazo (Pontevedra).
 - 10 de xullo. Caldas de Reis (Pontevedra).
 - 27 de decembro. Lugo.
 - 28 de decembro. Lugo.
- Explosión
 - 16 de abril. A Coruña.
- Incendio
 - 13, 14 e 21 de agosto. Fornelos de Montes (Pontevedra).
- Atraco
 - 18 de agosto. A Cañiza (Pontevedra).
- Simulacro accidente aéreo
 - 19 de novembro. No aeroporto de Santiago de Compostela.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 25 de febreiro
- 25 de marzo
- 27 de maio
- 30 de setembro
- 28 de outubro
- 16 de decembro

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de abril
- 20 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Juan Bonome Rodal

ACTIVIDADES

a) Sesión Técnica

- *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC*
En colaboración coas Seccións de Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.
Data: 19 de xuño
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
Ponente: José M^a Tous Ral. Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico. Universitat de Barcelona.

b) Actividades formativas do Grupo:

- *Intervencións Eficaces con Adolescentes*
Data: 17 de abril
Docente: M^a Elena Rodríguez Borrajo. Psicóloga.
Lugar: Salón de Actos do COPG
- *A Ira na Condución. Tratamento da Ira como Pena Substitutiva*
En colaboración coa Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG
Data: 25 de setembro
Ponente: Juan Manuel Romero Lorenzo.
Psicólogo experto en Tráfico e Seguridade Viaria.
- *Despois do Accidente. O Ámbito da Discapacidade Física*
Data: 20 de novembro
Docente: Mónica Forteza Monfort. Psicóloga de GRUMICO (Grupo de Minusválidos da Coruña)
Lugar: Salón de Actos do COPG



Composición da Comisión Coordinadora



Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC

c) Participación nas seguintes actividades

- Participación da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, e da vogal do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, María Mariño Barca, na realización de dúas sesións do Programa SEVIME (Seguridade Viaria con Menores) para menores imputados por delitos de tráfico, celebrada en Pontevedra o 6 e o 13 de novembro, organizada pola Policía Local de Pontevedra en colaboración coa Fiscalía de Menores.
- Asistencia á reunión de Psicotécnicos de Galicia, celebrada en Santiago o día 25 de maio con motivo da inminente entrada en vigor do novo sistema de conexión telemática con Tráfico.
- Elaboración da comunicación “Un Ano de Xornadas de Concienciación”, presentada o día 22 de xullo no VII Congreso Iberoamericano de Psicología, celebrado en Oviedo.
- Participación en tres reunións de seguimento do traballo de investigación coa Unidade de Investigacións en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do convenio de colaboración entre o COPG e a Universidade de Santiago de Compostela. Celebradas en febreiro, abril e maio.

d) Documentación elaborada

- Actualización e ampliación da documentación do programa de “Xornadas de Concienciación” de Seguridade Viaria.
- Modelo de Entrevista Aberta e Avaliación para intervención con menores.



Intervencións Eficaces con Adolescentes



A Ira na Condición. Tratamento da Ira como Pena Substitutiva



Despois do Accidente. O Ámbito da Discapacidade Física

8. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vense renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADOR

Manuel Lopo Lago (Ata o 25 de xuño)

Rocío Trastoy García (A partires do 25 de xuño)

ACTIVIDADES

- a) **O coordinador do programa, Manuel Lopo Lago, presentou a conferencia** *Os programas de atención ás vítimas de violencia de xénero e Abrams o Círculo*, que tivo lugar ao abeiro das “**III Xornadas contra a violencia de xénero: De vítima a supervivente**”, celebradas o 20 e 21 de maio en Ares (A Coruña) e organizadas polo Concello de Ares.
- b) Elaboración da Comunicación “Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero”, presentada o día 20 de xullo no VII Congreso Iberoamericano de Psicología, celebrado en Oviedo.
- c) **Participación da Vogal da Xunta de Goberno do COPG e psicóloga habilitada do Programa, Concepción Rodríguez Pérez**, na mesa sectorial “Violencia contra as mulleres”, que o Centro de Información á Muller de Ferrol desenvolveu o 22 de xullo ao abeiro do II Plan de Igualdade do Concello de Ferrol.
- d) Participación do coordinador/a do programa **na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG**.

e) Intervencións:

- O equipo de psicólogos/as que traballan ao abeiro do programa consta de 56 profesionais en toda a Comunidade.
- Ao longo do ano incorporáronse ao programa un total de 226 novos casos, ademais de manterse as incorporadas en anos anteriores que continuaban activas. Foron incorporados un total de 75 persoas dependentes das novas usuarias.
- En total foron atendidas 439 mulleres e 148 persoas dependentes delas.



8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Vense renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR:

Joaquín Prieto Flores

ACTIVIDADES

a) Actividades de formación:

- *Xornada de formación para os psicólogos e psicólogas do programa*
Data: 8 de maio
Docentes: Áurea Losada Quinteiros e María Pienso Linares.
Psicólogas habilitadas do Programa Abramos o Círculo.
Lugar: Salón de Actos do COPG
- *Xornada Formativa: O Papel de Abramos o Círculo ante as Demandas da Administración de Xustiza.*
Data: 4 de setembro
Docentes: Carmen Morell Muñoz. Psicóloga habilitada do Programa Abramos o Círculo.
Lugar: Salón de Actos do COPG
- *Xornada Formativa: O Traballo sobre a Masculinidade.*
Data: 10 e 11 de decembro
Docente: Rafael Soto González. Diplomado en Traballo Social
Lugar: Salón de Actos do COPG

- b) Elaboración da Comunicación “Os programas de intervención con homes que exercen violencia de xénero. O programa Abramos o Círculo”, presentada o día 20 de xullo no VII Congreso Iberoamericano de Psicoloxía, celebrado en Oviedo.

- c) Participación do coordinador do Programa na xuntanza “**Posta en marcha e constitución da mesa de coordinación interinstitucional na loita contra a violencia de xénero**”, organizada polo Concello da Coruña e celebrada o 24 de novembro de 2010.

- d) Participación do coordinador do programa **na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**

e) Intervencións:

- O equipo de psicólogos/as que traballan ao abeiro do programa consta de 22 profesionais en toda Galicia.
- En total foron atendidos 91 homes, dos cales 59 tratábanse de novos casos e 32 eran casos incorporados en anos anteriores.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1998.

O obxecto deste convenio é aportar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG ven sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2010 renovouse o Convenio de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago para dar continuidade ao Programa de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela.

Neste ano asinouse asemade un novo Convenio de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados de Ourense para a posta en marcha dun Programa de Mediación Intraxudicial en Ourense.

A través dos convenios asinados pretende desenvolverse programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela e Ourense, mediante a constitución de equipos permanentes de mediación compostos por un psicólogo/a e un/unha avogado/a que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo duradeiro e mutuamente aceptable entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia levou a cabo un proceso selectivo para a designación dos/as psicólogos/as integrantes dos equipos de mediación intraxudicial, que segundo acordo da Xunta de Goberno do COPG na súa reunión de 17 de decembro de 2010, son:

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Juan Manuel Daponte Codina
Titular

José Ramón García Gómez
Suplente

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

José Antonio Varela Alonso
Titular

M^a Galiza Aguite Dorrió
Suplente

O equipo de Santiago de Compostela atendeu 33 casos. Destes casos, un 59% acadaron un acordo. Dos casos recibidos, pódese dicir que se distribúen en separacións/divorcios, modificación de medidas e execución de títulos xudiciais en canto a parellas e tamén situacións que teñen que ver coa relación de avós/avoas e netos/as, en temas relacionados con incapacidades.

8.5. “XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN” DE SEGURIDADE VIARIA



“Xornadas de concienciación” de seguridade viaria

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e Seguridade, levou a cabo en colaboración directa co Servizo Provincial de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior, as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, dirixidas a aquelas usuarias e usuarios penados por delitos relacionados coa seguridade viaria e o tráfico a Traballos en Beneficio da Comunidade.

Esta experiencia responde á continuación dun proxecto pioneiro iniciado en 2009, que foi o primeiro que se desenvolveu en todo o Estado Español, e partiu da necesidade de contar con alternativas para traballar na concienciación viaria.

- O 6 de marzo iniciábanse as sesións desenvolvidas en Vigo das “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, coordinadas por M^a Jesús Sánchez Peteiro e María Mariño Barca, membros da Cohzmisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.
- O 8 de maio iniciouse outro grupo en Ourense das “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, coordinado por Eva Muíño Gómez, Coordinadora da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade, e José Lamas López, Membro do Grupo de Tráfico e Seguridade.
- Tamén o 8 de maio deu comezo un grupo de “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria en Santiago de Compostela, coordinado por M^a Jesús Sánchez Peteiro e Rosa M^a Domínguez Cameán, membros da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.
- O 5 de xuño comezou o grupo de “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria en Ferrol, coordinado por Eduardo Anoeta Rodríguez, membro da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.
- Asemade o 5 de xuño iniciouse o grupo das “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria en Lugo, coordinado por Eva Muíño Gómez e Juan Bonome Rodal, Coordinadora e Vogal respectivamente da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.
- O 9 de outubro comezou o segundo grupo deste ano desenvolvido en Santiago de Compostela de “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, coordinado por M^a Esther Caamaño Silva e Sandra Sesto Vilariño, membros da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade.

8.6. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a Educación, o Deporte e a Saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes... e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén, permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de Cursos, Seminarios ou Xornadas.

Finalmente, pensamos que unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos/as deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto os/as que están en activo como os/as xa retirados/as.

8.7. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.


Ao abeiro deste convenio a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia dos/as infractores/as de tráfico.

8.8 CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.



9. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos/as peritos/as perante á Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cun listado ordenado de psicólogos/as, para respostar ás demandas que se fagan á Institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdicionais e das Administracións Públicas. Este Listado, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito Penal
- Dereito Civil
- Dereito Laboral, Social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei de Axuizamento Civil, fíxose envío a todos os xulgados do civil de Galicia dos listados de psicólogos/as peritos/as dispostos a actuar na área de intervención de Dereito Civil, para a súa designación directa por parte dos xulgados.

No correspondente ás outras áreas de intervención, é o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quen fai as designacións en resposta ás solicitudes recibidas desde os xulgados.

10.

**BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA****VII EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador:**

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana do COPG

Concepción Fernández Fernández
Secretaria do COPG

Carlos Álvarez García
Rosa Cerqueiro Landín
Ana Jartín Abreira
José Manuel Oreiro Blanco
Gloria Seoane Pesqueira
Vogais

Por acordo da Xunta de Goberno do 5 de novembro de 2010 convocouse a VII Edición da Beca Siota, quedando establecido para 2011 o fallo desta Edición.

11. EVENTOS COLEXIAIS

11.1 ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2010

O sábado 6 de febreiro tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela o encontro ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2010, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), ao que asistiron preto dun cento de psicólogas e psicólogos de toda Galicia.

Tras a homenaxe ás compañeiras e compañeiros de profesión que cumpren 25 anos de colexiación, fíxose entrega do premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade 2010*, que distingue á persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da Psicoloxía, a Don Carlos Varela García, Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Fiscal Xefe manifestou o seu agradecemento cunhas verbas nas que destacaba o éxito da colaboración da Fiscalía co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela no programa de Mediación Intraxudicial no ámbito dos procesos de separación matrimonial, cualificando esta experiencia piloto coma un modelo eficaz e útil para a cidadanía e os profesionais da Xustiza. Tamén mencionou a súa colaboración con outros programas desenvolvidos polo COPG como:

- Abramos o Círculo, de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.
- Atención Psicolóxica a mulleres que sofren a violencia de xénero e, complementariamente, a menores e outras persoas dependentes que padezan situacións de violencia de xénero.
- Reeducación viaria de menores.

No acto acompañounos a escritora e psicóloga Concha Rousía e a cantante Uxía Senlle, acompañada á guitarra por Magín Blanco.



11.2. 30 ANIVERSARIO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Con motivo da celebración dos 30 anos de vida do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, tivo lugar un acto institucional que foi punto de encontro de aqueles colexiados e colexiadas que formaron parte das distintas Xuntas Rectoras e Xuntas de Goberno desde a creación do Colexio en 1980.

Abriu o acto a actual Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada que recordou os feitos máis significativos na evolución da historia e a profesión e os logros alcanzados ata o presente, como resultado da dedicación e esforzos realizados polos compañeiros e compañeiras de cada Xunta, que sentaron as bases da actual estrutura colexial e que contribuíron ao afianzamento da profesión en Galicia.

No transcurso do acto fíxose unha mención especial ao Profesor Miguel Siguán, que en distintas ocasións honrounos coa súa presenza nas actividades do COPG. Miguel Pérez Pereira, primeiro Presidente do COPG e discípulo do Profesor Siguán, glosou un recordatorio entrañable da súa figura.



12.

**REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS****Consello Galego de Servizos Sociais***Titular:* M^a Jesús López Cernadas*Suplente:* Encarnación Álvarez Gallego**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña***Titular:* Encarnación Álvarez Gallego*Suplente:* M^a Ángeles Castro Díaz**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo***Titular:* Isolina Rodríguez López*Suplente:* Julio González Morandeira**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense***Titular:* José Antonio López Fontelo*Suplente:* Isabel Blanco Yáñez**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra***Titular:* Felisa Balboa Cardoso*Suplente:* M^a Jesús Cejudo López**Consello Galego de Saúde***Titular:* Xavier Sardiña Agra*Suplente:* Delia Guitián Rodríguez**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo***Titular:* Ana M^a Fieira Nogareda**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo***Titular:* Irene Esperón Rodríguez**Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela***Titular:* Concepción Rodríguez Pérez**Consello de Deporte de Galicia***Titular:* María Dolores González Fernández

13. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu o día 11 de xaneiro á reunión do Comité Organizador Local do Foro 2010 en Santiago de Compostela.
- A representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na Comisión Cívica do Concello de Ourense, Alicia Rodríguez Nespereira, asistiu o 12 de xaneiro a unha reunión da citada Comisión.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na Asemblea Xeral de Unión Profesional de Galicia, celebrada na sede da Asociación o 15 de xaneiro.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 20 de xaneiro á inauguración dos actos do XX Aniversario de Proxecto Home Galicia celebrada en Santiago de Compostela.
- M^a Jesús López Cernadas, Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, e Ana M^a Fieira Nogareda, Secretaria da Xunta de Goberno do COPG, asistiron á xuntanza onde se constituíu unha Plataforma con diversas entidades sociais e outros colexios profesionais en defensa do sistema galego público dos servizos sociais, celebrada en Santiago de Compostela o 21 de xaneiro.
- Antonio González Fernández, Vogal da Xunta de Goberno do COPG, asistiu o 22 de xaneiro en Pontevedra á presentación dos resultados da enquisa *—Coñecementos e actitudes sexuais en adolescentes—*. A presentación oficial aos medios de comunicación, autoridades, colexios profesionais e directores/oras de IES de Pontevedra fíxoa o Dr. Manuel Varela Salgado, Presidente da Sociedade Galega de Sexoloxía.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, reuniuse o 9 de febreiro con representantes Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais (FEAFES GALICIA). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG dun programa de atención psicolóxica a familiares de persoas con enfermidade mental que dita entidade ten previsto pór en marcha.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á xuntanza da Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, celebrada en Santiago de Compostela o 25 de febreiro.
- A Vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, asistiu o día 5 de marzo á Asemblea Xeral da Unión Profesional de Galicia, entidade na que está integrado o COPG.
- A representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na Comisión Cívica do Concello de Ourense, Alicia Rodríguez Nespereira, asistiu o 5 de marzo á recepción do Alcalde de Ourense á Comisión Cívica e posterior aprobación no pleno ordinario do Concello do texto do Pacto Cívico.

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu xunto con Concha Fernández Fernández, Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, ao Acto de Homenaxe a Oito Mulleres celebrado o 11 de marzo en Santiago de Compostela e organizado pola Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no Acto Inaugural do XXII Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria, celebrado o 16 de abril en Sanxenxo.
- O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, Olegaria Mosqueda Bueno e Manuela del Palacio García, Presidenta e Vicepresidenta respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, asistiron ao Acto Homenaxe a Adolfo Fernández Barroso que o 5 de marzo se celebrou na sede do Colexio Oficial de Psicólogos de Madrid organizado conxuntamente por dito Colexio Oficial e polo Consejo General de COP.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ao *1º Curso Introductorio de Coaching* organizado por IESEC (Instituto de Estudios Superiores en Coaching) e a Escola Superior Marcelo Macías e celebrado o 22 de abril na Coruña.
- O Vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, David Facal Mayo, asistiu ao acto de presentación do borrador do *Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, Horizonte 2015* que tivo lugar o 3 de maio en Santiago de Compostela, organizado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
- A Secretaria do COPG, Ana Fieira Nogareda, asistiu o 5 de maio ao acto de presentación en Vigo da Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, na que o Colexio está integrada.
- O Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, José Antonio Varela Alonso, asistiu en representación do Colexio ás reunións da Comisión de Mediación Penal celebradas os días 5 e 13 de maio no Colexio de Avogados de Ourense.
- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concha Fernández Fernández, asistiu á Xornada *Mulleres na ruta do coñecemento e da innovación*, celebrada en Santiago de Compostela o 6 de maio ao abeiro do Proxecto WEED, no que o COPG está integrado, e organizada pola Concellaría de Promoción Económica e Emprego do Concello de Santiago de Compostela.
- O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, participou na Mesa Redonda sobre *Saúde Mental en Galicia*, ao abeiro da *II Xornada Técnica da Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS*, celebrada o 7 de maio en Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu ás reunións do Comité Organizador Local do Foro 2010 que tiveron lugar o 12 e o 26 de maio en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 19 de maio á presentación da *Guía para as persoas coidadoras*, organizado pola Concellaría de Promoción Económica e Emprego do Concello de Santiago de Compostela.

- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ao acto de presentación do borrador do *Anteproxecto da Lei de Apoio á Familia e á Convivencia*, que tivo lugar o 19 de maio en Santiago de Compostela organizado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ás xuntanza da Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, celebradas en Santiago de Compostela o 20 de maio e o 17 de xuño.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto con parte do persoal administrativo do Colexio asistiron á xornada *Colexio profesionais: Novos retos*, organizada pola Unión Profesional de Galicia e celebrada o 21 de maio en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, Concha Rodríguez Pérez, asistiron á V Xuntanza do Comité Organizador do Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz 2010, celebrada o 11 de xuño en Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, Concha Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Consello do Foro Social Galego FSGAL que tivo lugar o 12 de xuño en Santiago de Compostela.
- O Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Víctor Manuel Torrado Oubiña, participou no acto de clausura da “I Escola de verán en Psicoloxía aplicada e servizos sociais”, celebrada o 15 de xuño na Coruña e organizada pola Universidade da Coruña. O COPG participou como entidade colaboradora da citada acción formativa.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu ao Pleno da Unión Profesional de Galicia, entidade na que está integrado o COPG, que tivo lugar o 18 de xuño en Santiago de Compostela.
- Atendendo ás solicitudes recibidas desde tres concellos, o COPG fixo designación de asesores/as ao tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir unha praza de policía local do Concello de Allariz (Ourense) e dúas prazas de policía local do Concello de Ferrol; e do proceso selectivo para cubrir unha praza de psicólogo/a do CIM do Concello do Grove (Pontevedra).
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu a unha reunión do Comité Organizador Local do Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz 2010 que tivo lugar o 24 de xuño en Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu a unha reunión do consello do Foro Social Galego FSGAL que tivo lugar o 3 de xullo en Santiago de Compostela.



Comité Organizador do
Foro Mundial de Educación

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación da Estratexia SERGAS 2014: A sanidade pública ao servizo do paciente, organizada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e celebrado en Santiago de Compostela o 6 de xullo.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu a unha reunión do Comité Organizador Local do Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz 2010 que tivo lugar o 9 de setembro en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á Asemblea Xeral da Unión Profesional de Galicia, celebrada o 10 de setembro en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron o 22 de setembro ao acto organizado polo Concello de Santiago de Compostela de presentación do “Itinerario de intervención con mulleres para o tratamento e prevención da violencia de xénero”, documento editado pola Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela e en cuxa elaboración colaborou o COPG.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 22 de outubro en Murcia ao acto *Galardones de la Psicología Murciana 2010*, organizado polo Colegio Oficial de Psicólogos de la Región de Murcia.
- O Vogal da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade, Juan Bonome Rodal, asistiu á xornada Nacional de Educación Viaria para Persoas Maiores, organizada por Stop Accidentes e celebrada na Coruña o 18 de novembro.
- A Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG e representante da mesma na Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio, Áurea Losada Quinteiros, asistiu á charla Vantaxes da mediación como medida alternativa á vía xudicial, celebrada o 20 de novembro na Coruña e organizada por Mediamos Sociedade Cooperativa Galega.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Comité Organizador Local do Foro 2010 que se desenvolveu o 29 de novembro en Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron ao acto inaugural do Foro 2010 que tivo lugar o 3 de decembro en Santiago de Compostela.
- O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia que se celebrou o 28 de decembro.

14. RELACIÓNS E COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS



Sinatura do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA – SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concha Fernández Fernández, acudiron o 21 de abril a unha xuntanza coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Marta González Vázquez. Nesta xuntanza tratouse sobre a renovación para 2010 do Convenio de colaboración entre a citada Secretaría Xeral e o COPG e para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e a súas familias, e a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asinou o 17 de xuño o convenio de colaboración para 2010 coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asinou o 10 de xuño o convenio de colaboración para 2010 coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia en materia de protección civil.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, acudiron o 28 de maio a unha xuntanza co conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Jesús Vázquez Abad, na que se abordou o papel da Psicoloxía Educativa no ensino.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA – SECRETARÍA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR

- O 19 de xullo tivo lugar o acto de sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun Programa de Mediación Intraxudicial en Santiago.
- O 3 de agosto tivo lugar o acto de sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e o Colexio de Avogados de Ourense para o desenvolvemento dun Programa de Mediación Intraxudicial en Ourense.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 19 de novembro a unha xuntanza de seguimento do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal, o COPG e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago para o desenvolvemento do programa de mediación intraxudicial que se desenvolve en Santiago de Compostela.
- O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu o 2 de decembro a unha xuntanza celebrada con representantes do Colexio de Avogados de Ourense para a posta en marcha do programa de mediación intraxudicial en Ourense.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA – SUBDIRECCIÓN XERAL DE SEGURIDADE VIARIA E INSPECCIÓN

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto con Eva Muíño Gómez, Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, celebraron o 7 de abril unha reunión co Subdirector Xeral de Seguridade Viaria e Inspección da Xunta de Galicia. Nesta reunión tratouse sobre a situación da seguridade viaria en Galicia.

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

- A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concha Fernández Fernández, o Coordinador do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero do COPG, Manuel Lopo Lago, e o Coordinador do Programa Abramos o Círculo do COPG, Joaquín Prieto Flores, mantiveron unha xuntanza na sede do COPG o 17 de febreiro coa Xefa da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller dependente da Delegación do Goberno en Galicia, Laura Rodríguez Manos. Trataron o traballo que desde o COPG se leva a cabo sobre a violencia de xénero e a análise de posibles actuacións conxuntas das dúas entidades.

CONCELLO DE VIGO – POLICÍA LOCAL

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, tiveron unha xuntanza o día 22 de xaneiro con representantes da Policía Local de Vigo. Trataron o tema de colaboración sobre formación á Policía Local de Vigo sobre o curso de reeducación e sensibilización viaria para menores.

CONCELLO DE PONTEVEDRA – POLICÍA LOCAL

- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo o 12 de febreiro unha reunión con Daniel Macenlle, Intendente Xefe da Policía Local de Pontevedra. Nela analizaron diversos aspectos relacionados co curso de sensibilización e reeducación a menores procesados por delitos contra a seguridade do tráfico e que se impartiu en datas posteriores.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - GRUPO DE APOIO LOCAL DO PROXECTO EUROPEO WEED MULLER, EMPRESA E EMPREGO NO DESENVOLVEMENTO LOCAL

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte do *Grupo de Apoio Local do Proxecto europeo WEED Muller, empresa e emprego no desenvolvemento local*, no que participa o Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Promoción Económica.

Do 5 ao 7 de maio tivo lugar en Santiago de Compostela o *II Seminario internacional Promovendo empresas de economía social e un mellor emprego para as mulleres*, no que participou a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada.

No encontro participaron 40 expertos e expertas procedentes das nove cidades europeas socias do proxecto WEED: Celje (Eslovenia), Alzira (España); Enna e Crotone (Italia); Umea (Suecia); Karvina (República Checa); Amiens (Francia); Skaarbeck (Bélxica) e Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

O Proxecto WEED, do que o COPG forma parte desde a súa constitución no ano 2008, é unha rede temática de cidades que analiza o tema de Muller, Empresa e Emprego no Desenvolvemento Local. Os asuntos chave nos que se centra o traballo durante a duración do proxecto son: Muller e emprendemento; desigualdade de xénero no mercado laboral e muller na economía da investigación e o coñecemento.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – REITORADO

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Decana da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Carolina Tinajero Vacas, asistiron o 10 de novembro a unha reunión co Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, para solicitar o apoio e aprobación da implantación na Universidade de Santiago de Compostela do Máster Oficial de Psicoloxía da Saúde.

O FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN, INVESTIGACIÓN E CULTURA DE PAZ 2010

O Foro 2010 foi unha iniciativa promovida polo Seminario Galego de Educación para a Paz e pola Fundación Cultura de Paz e en cuxo Comité Organizador estivo integrado o COPG desde 2009.

Desenvolveuse no mes de decembro en Compostela e pódese resumir coma un grande depósito de eventos e actividades a nivel mundial arredor da Cultura da Paz, en tres dimensións ben diferentes. A dimensión institucional xirou en torno a varias reunións auspiciadas por Nacións Unidas (3-6 de decembro), entre membros do grupo de alto nivel para a Alianza de Civilizacións, a Comisión de Premios Nobel da Paz e os coordinadores do Decenio da Cultura da Paz e a Non Violencia. A segunda dimensión foi a académica, con 3 congresos internacionais, sobre información e dereitos humanos (7 e 8 de decembro), sobre o dereito humano á paz (9 e 10 de decembro) e sobre memoria da guerra, reconciliación e cultura de paz (días 14 e 15 de decembro). E a terceira dimensión, a da sociedade civil, reuniuse no Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz (10-13 de decembro) onde persoas de todo o mundo desenvolveron un completo programa de actividades.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participou activamente no Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz. O 11 de decembro Concepción Fernández Fernández e Concepción Rodríguez Pérez, Secretaria e Vogal da Xunta de Goberno do COPG respectivamente presentaron a actividade autoxestionada “Educación: chave para a eliminación da violencia contra as mulleres”.

Concepción Rodríguez Pérez, Vogal da Xunta de Goberno do COPG, moderou a Sesión plenaria “A investigación para a paz” celebrada o 12 de decembro.

RECURSOS

O COPG interpuxo o seguinte recurso:

- Recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Redondela de 14 de abril de 2010 e publicada no BOP de Pontevedra o 24 de xuño de 2010, pola que se aproban as bases específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir, entre outras, unha praza de Técnico /a de Orientación Laboral. O motivo do citado recurso é que non se contempla a titulación de Psicoloxía para optar a dita praza.

APORTACIÓNS E ALEGACIÓNS DO COPG

O COPG presentou as seguintes aportacións e/ou alegacións:

- Solicitud á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia da modificación das bases da convocatoria da Orde de 30 de decembro de 2008, pola que se desenvolve o Decreto 171/1999, para a inclusión dos/as licenciados/as en Psicoloxía entre as titulacións requiridas para poder acceder a postos de titoría e orientación.
- Perante a Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia escrito de alegacións sobre o Anteproxecto de Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores.
- Perante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia as alegacións que se estimaron oportunas ao proxecto de Decreto polo que se regulan os Puntos de Encontro Familiar en Galicia.
- Perante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia as alegacións que se estimaron oportunas ao proxecto de Decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

MANIFESTOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia adheriuse ao Manifesto do Colexio Oficial de Licenciados/as en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia) a prol da consecución da regulación profesional das profesións do deporte e a educación física, para que o seu exercicio se desenvolva coa máxima calidade na prestación do servizo, garantindo a seguridade e a saúde dos destinatarios e destinatarias.

15.

O COPG E O CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE PSICÓLOGOS

Reunións da Junta General do Consejo General de COP.

- Datat: 6 de marzo (Extraordinaria) e 19 de xuño
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana
- Data: 11 de decembro
Representantes do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana
Hipólito Puente Carracedo, Vicedecano

Reunións da Junta de Gobierno do Consejo General de COP

- Datat: 24 de abril, 19 de xuño, 23 de outubro; e 10 e 11 de decembro
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana

Reunións de Secretarios/as dos COP

- Data: 23 de xullo
Representante: M^a Concepción Prado Álvarez, Vicesecretaria

Reunións dos Presidentes/as de Comisións Deontolóxicas dos COP

- Data: 22 de xullo
Representante: José Luis Rodríguez-Arias Palomo,
Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía

Reunións da Área de Psicología Clínica

- Data: 20 de febreiro, 17 de abril e 23 de xullo
Representante: Xavier Sardiña Agra,
Presidente da Sección de Psicología Clínica

Reunións da Área de Psicología Educativa

- Data: 6 de marzo
Representante: Olegaria Mosqueda Bueno,
Presidenta da Sección de Psicología Educativa
- Data: 23 de xullo
Representante: M^a Asunción Teijeira Bautista,
Secretaria da Sección de Psicología Educativa

Reunión da División de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos

- Data: 22 de xullo
Representante: José Luís Domínguez Rey,
Presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Reunión da Área de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos

- Data: 23 de xullo
Representante: José Luís Domínguez Rey,
Presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Reunión da Área de Psicoloxía Xurídica

- Data: 23 de xullo
Representante do COPG: Carmen Morell Muñoz,
Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica

Reunión da Área de Intervención Social

- Data: 23 de xullo
Representante: M^a Jesús López Cernadas,
Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade

- Data: 23 de xullo
Representante do COPG: Eva Muíño Gómez,
Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade

Reunión da Área de Psicoloxía do Deporte

- Data: 23 de xullo
Representante do COPG: Graciela Lois Río,
Vogal da Comisión de Psicoloxía do Deporte

Reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes

- Data: 23 de xullo
Representante do COPG: Ana Isabel Martínez Arranz,
Coordinadora do GIPCE

Reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero

- Data: 23 de xullo
Representante do COPG: Concha Fernández Fernández,
Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

Reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento

- Data: 23 de xullo
Representante do COPG: Hipólito Puente Carracedo, Vicedecano



VII Congreso Iberoamericano de Psicología

- Data: 19 ao 24 de xullo
Lugar: Oviedo
- O COPG participou activamente no VII Congreso Iberoamericano de Psicología, celebrado en Oviedo do 19 ao 24 de xullo, no que presentou catro comunicacións: *“Un ano da experiencia piloto do servizo de mediación intraxudicial nos xulgados de Santiago de Compostela”*, presentada por M^a Rosa Álvarez Prada; *“Os programas de intervención con homes que exercen violencia de xénero. O programa Abramos o Círculo”* e *“Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVXD)”*, presentadas por Joaquín Prieto Flores; e *“Un ano de Xornadas de Concienciación”*, presentada por Eva Muíño Gómez.

III Convención do Consejo General de COP

- Ao abeiro do VII Congreso Iberoamericano de Psicología tivo lugar a III Convención do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos que, baixo o lema *“Liñas estratéxicas de desenvolvemento da Psicología española”*, se celebrou o 24 de xullo.

Revista INFOCOP

- José Luis Domínguez Rey é o correspondente en Galicia





Revista Papeles del Psicólogo

- Fernando Díaz Albo, Alfredo Fornos Pérez, Miguel Anxo García Álvarez e Aquilino Lousa Reventós forman parte do seu consello asesor.

Revista Psychology in Spain

- José Luís Domínguez Rey, José Manuel Sabucedo Cameselle e Jorge Sobral Fernández forman parte do seu consello asesor.

16. PUBLICACIÓN



CIRCULAR INFORMATIVA

Publicáronse 6 números (do nº 222 ao nº 227).

A Circular Informativa do COPG, de edición bimensual, inclúe regularmente os seguintes apartados:

- Editorial
- Información xeral
- Información das Seccións, das Comisións Grupos de Traballo
- Información sobre cursos, xornadas e congresos
- Artigos do código deontolóxico
- Revista de prensa
- Avisos
- Bolsas, premios e axudas
- Publicacións recibidas
- Atención aos colexiados/as e servizos colexiais.



MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2009

Aprobada na Asemblea Xeral de Colexiadas/os
do COPG de 25 de maio de 2010.

CADERNOS DE PSICOLOXÍA

Consello de Redacción

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Director

Felisa Balboa Cardoso
Rocío García Calvo
Alejandra Garralón Comesaña
José Manuel Oreiro Blanco
José Manuel Sabucedo Cameselle

Reunións:

Durante este ano mantiveron as seguintes reunións:

- 22 de setembro



PÁXINA WEB

(www.copgalicia.es)

Segue en funcionamento a páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que trata de ser atractiva, dinámica e funcional e, por tanto, está sempre en proceso de posibles cambios para mellorar, non só a presentación senón tamén os contidos e o dinamismo co que se pode acceder aos mesmos.

17. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- Artigo de opinión “A psicoloxía e as mulleres ou o xénero e a psicoloxía”. 8 de marzo.
- Rolda de prensa na que a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, xunto con representantes do Concello de Ourense, fixeron presentación o 4 de maio en das “*Xornadas de Concienciación*” de seguridade viaria que o COPG ía desenvolver en datas posteriores nesa cidade.
- Cuña publicitaria do COPG emitida na Radio Galega do 22 ao 26 de novembro “A violencia contra as mulleres non ten xustificación, é un delito”.
- Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. 24 de novembro.
- Artigo de opinión “Ao fío da violencia de xénero”. 29 de novembro.
- Artigo de opinión “Algunhas reflexións sobre os xoguetes. Reflexións sobre a función simbólica e real do regalo”. 23 de decembro.

NOTAS DE PRENSA

Enviáronse aos medios de comunicación tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- Comunicado pola celebración da conferencia “Estudo sobre a autopsia psicolóxica en Galicia: Adaptación e validación da SSIPA (Semi-Structured interview for psychological autopsy) en español” e pola celebración do curso “Autopsia psicolóxica na psicoloxía xurídica”. 14 de xaneiro.
- Comunicado pola celebración do curso “Formación en neuropsicoloxía: Funcións executivas”. 21 de xaneiro.
- Comunicado pola celebración do encontro “Achegas da Psicoloxía 2010: Entrega do premio “Dolores Llopiz. Psicoloxía e Sociedade 2010 e homenaxe do 25 Aniversario de colexiación de psicólogos e psicólogas”. 4 de febreiro.
- Comunicado coa conclusión do encontro “Achegas da Psicoloxía 2010: Entrega do premio “Dolores Llopiz. Psicoloxía e Sociedade 2010 e homenaxe do 25 Aniversario de colexiación de psicólogos e psicólogas”. 8 de febreiro.
- Comunicado pola celebración das xornadas “Mediando: Practicando a mediación”. 25 de febreiro.

- Comunicado pola celebración da “I Xornada de coidado e xénero”. 4 de marzo.
- Comunicado pola celebración das xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG “Abordaxe das adiccións no ámbito educativo”. 11 de marzo.
- Comunicado pola celebración da conferencia “A valoración xudicial do menoscabo psíquico nas vítimas de violencia de xénero” e xornada formativa interna da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG “Avaliación do dano psicolóxico”. 25 de marzo.
- Comunicado pola celebración do curso “Terapia familiar breve”. 8 de abril.
- Comunicado pola celebración do curso “Aspectos psicolóxicos da comunicación en Urxencias, Emerxencias e Desastres (UED)”. 15 de abril.
- Comunicado pola convocatoria do “III Concurso Literario do COPG: Rosa de Cen Follas”. 15 de maio.
- Comunicado pola celebración do foro “Mercado laboral e recursos humanos: ¿Orientamos por competencias?”. 20 de maio.
- Comunicado pola celebración da xornada “Novos retos da inclusión social en Galicia: Perspectiva psicolóxica”. 28 de maio.
- Comunicado pola celebración do curso “Formación en neuropsicoloxía: Dano cerebral adquirido”. 10 de xuño.
- Comunicado pola celebración da sesión técnica “Nova tecnoloxía na avaliación da personalidade: O DP-TC”. 17 de xuño.
- Comunicado pola celebración do curso “Psicoterapia con superviventes de situacións extremas”. 16 de setembro.
- Comunicado pola celebración do curso “A ira na conducción. Tratamento da ira como pena substitutiva”. 24 de setembro.
- Comunicado de apoio á Semana Europea pola Mobilidade. 24 de setembro.
- Comunicado pola celebración do curso “Neuropsicoloxía forense”. 7 de outubro.
- Comunicado pola celebración do foro “Intervención psicosocial: O traballo día a día”. 15 de outubro.
- Comunicado pola celebración das “Xornadas sobre a violencia e acoso escolar. Implicacións xudiciais, prevención e intervención educativa (módulo educativo)”. 11 de novembro.
- Comunicado pola celebración da “Sesión formativa: Despois do accidente. O ámbito da discapacidade física”. 19 de novembro.
- Comunicado pola celebración das “XV Xornadas de Psicoloxía Clínica: Tratando coa persoa con psicose”. 26 de novembro.
- Comunicado pola celebración da Entrega de premios do III Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”. 13 de decembro.
- Comunicado pola celebración das “Xornadas sobre a violencia e acoso escolar. Implicacións xudiciais, prevención e intervención educativa (módulo xurídico)”. 17 de decembro.
- Comunicado “Agasallos, agasallar, xoguetes, nenos/as, o Nadal. ¡Que estrés!”. 21 de decembro.

PARTICIPACIÓN NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Durante este ano puxéronse en contacto co Colexio dende diferentes medios de comunicación para participar e dar o punto de vista nas seguintes reportaxes e artigos:

- *Cadena Ser*-Vilagarcía, 11 de marzo, sobre o estudo da dependencia. Concepción Fernández Fernández, Secretaria do COPG e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.
- *Axencia Galega de Noticias*, reportaxe sobre a violencia de xénero en menores, publicado o 20 de marzo en *El Progreso* e *El Correo Gallego* e o 2 de abril en *La Voz de Galicia*. Manuel Lopo Lago, Coordinador do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero.
- *Radio Galega*, 15 de marzo, sobre a pederastia e o abuso de menores. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- *La Voz de Galicia*, 16 de marzo, sobre as xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa “Abordaxe das adiccións no ámbito educativo”. Manuela del Palacio García, Vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *Televisión de Galicia*, 18 de marzo, a figura do pai. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *Radio Galega*, 18 de marzo, sobre os suicidios. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- *Radio Galega*, 25 de marzo, sobre a custodia compartida. Carmen Morell Muñoz, Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica.
- *Infocop Online*, 26 de marzo, Artigo “A psicoloxía e as mulleres ou o xénero e a psicoloxía”. M^a Rosa Álvarez Prada, Decana, e Concepción Fernández Fernández, Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.
- *Correo TV*, 30 de marzo, sobre a seguridade viaria e o traballo que realiza o COPG nas xornadas de concienciación. Eva Muíño Gómez, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.
- *Radio Santoña*, 2 de abril, sobre a súa estancia como voluntaria no terremoto de Haití. Aurora Rozadilla Arias, membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.
- *Telecinco Informativos*, 5 de abril, sobre a aparición do cadáver dunha menor en Seseña (Toledo). Beatriz Dorrio Lourido, membro da Sección de Psicoloxía Xurídica.
- *Televisión de Galicia*, 8 de abril, sobre os mozos e mozas que naceron na xeración tecnolóxica. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *Radio Galega*, 9 de abril, sobre o consumo excesivo dos psicofármacos. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- *La Voz de Galicia*, 10 de abril, sobre o curso “Terapia Familiar Breve” impartido no COPG. José Luis Rodríguez-Arias Palomo, docente do curso.

- *La Voz de Galicia*, 11 de abril, artigo de opinión sobre que no Reino Unido se autorice ao profesorado e empregar a forza física co alumnado. Manuela del Palacio García, Vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *Xornal de Galicia*, 11 de abril, sobre a rebaixa da idade penal dos 14 aos 12 anos. Ana Izquierdo Galante, Tesoureira da Sección de Psicoloxía Xurídica.
- *La Opinión*, 13 de abril, sobre a adición ao traballo. M^a Concepción Prado Álvarez, Vicesecretaría do COPG.
- *Televisión de Galicia*, 15 de abril, a beleza física. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *Televisión de Galicia*, 22 de abril, sobre o programa Abramos o Círculo. Joaquín Prieto Flores, Coordinador do Programa Abramos o Círculo.
- *Televisión de Galicia*, 24 de abril, os adolescentes e a xeración dixital. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *Televisión de Galicia*, 27 de abril, sobre o programa piloto de mediación intraxudicial. Juan Manuel Daponte Codina, Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación.
- *La Voz de Galicia*, o 18 de maio, sobre o programa piloto de mediación intraxudicial. Juan Manuel Daponte Codina, Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación.
- *Cadena Ser* – Vilagarcía, 19 de maio, sobre menores violentos. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- *Televisión de Galicia*, 20 de maio, sobre o fracaso e abandono escolar. Manuela del Palacio García, Vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- *La Voz de Galicia*, 1 de xuño, sobre a xornada “Novos retos na inclusión social en Galicia: Perspectiva psicolóxica”. Patricia Camiña Soutullo, docente da xornada.
- *Radio Fusión*, 17 de xuño, sobre a sinatura dos convenios para os programas de violencia de xénero do COPG. M^a Rosa Álvarez Prada, Decana.
- *Radio Galega*, 22 de xuño, sobre a sinatura dos convenios para os programas de violencia de xénero do COPG. M^a Rosa Álvarez Prada, Decana.
- *Correo TV*, 28 de xuño, sobre seguridade viaria. Eva Muíño Gómez, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.
- *Cadena Ser*, 7 de agosto, sobre as vacacións. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.
- *Radio Galega*, 10 de agosto, sobre a sinatura dos convenios de mediación intraxudicial. Hipólito Puente Carracedo, Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación.
- *Cadena Ser*, 19 de agosto, en torno á obesidade infantil. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.

- *Cadena Ser*, 20 de agosto, onde que se tratou sobre as fobias. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica.
- *El Progreso*, 28 de agosto, sobre os Programas Abramos o Círculo e Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero. Rocío Trastoy García, Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero.
- *Radio Galega*, 31 de agosto, tratouse sobre o síndrome postvacacional. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica.
- *La Opinión*, 5 de setembro, tratando da volta á escola. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicología Educativa.
- *Televisión de Galicia*, 7 de setembro, sobre o adeus á infancia. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicología Educativa.
- *La Voz de Galicia*, 10 de setembro, falando das “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria.
- *Televisión de Galicia*, 2 de outubro, sobre a intervención psicolóxica no caso do secuestro do barco Alakrana. Ana Isabel Martínez Arranz, Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).
- *La Voz de Galicia*, 8 de outubro, onde se falou sobre as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria. Eva Muíño Gómez, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.
- *Onda Cero*, 11 de outubro, sobre as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria. Eva Muíño Gómez, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.
- *Televisión de Galicia*, 13 de outubro, para tratar o tema do rescate dos mineiros atrapados nunha mina en Chile. Ana Isabel Martínez Arranz, Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).
- *Televisión de Galicia*, 14 de outubro, sobre as repercusión psicolóxicas da situación de desemprego. M^a Concepción Prado Álvarez, vicesecretaria do COPG.
- *Televisión de Galicia*, 22 de outubro, sobre terapias de dó. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica.
- *V Televisión*, 4 de novembro, sobre os desordes alimentarios. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica.
- *La Opinión*, 14 de novembro, sobre como a crise retrasa a emancipación e iso afecta á madurez persoal. M^a Concepción Prado Álvarez, Vicesecretaria do COPG.
- *Galiciainconfidencial.com*, 24 de novembro, sobre a violencia contra as mulleres. M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG.
- *Radio Galega*, 24 de novembro, sobre educación para conseguir relacións igualitarias. Concepción Fernández Fernández, Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.

- *Radio Obradoiro*, 25 de novembro, sobre o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Concepción Rodríguez Pérez, Vogal da Xunta de Goberno.
- *TVE*, 25 de novembro, sobre a violencia machista. Concepción Rodríguez Pérez, Vogal da Xunta de Goberno.
- *Faro de Vigo*, 29 de novembro, sobre a violencia de xénero. Concepción Rodríguez Pérez, Vogal da Xunta de Goberno.
- *Radio Voz*, 23 de decembro, sobre a importancia do xoguete e as súas cualidades e idoneidade. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.

18. SERVIZOS COLEXIAIS

REXISTRO DE PSICÓLOGOS/AS ESPECIALISTAS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA

O COPG dispón dun rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (R.D. 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todos aqueles colexiados e colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio, deberán aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas.

REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS DO COPG

Coa entrada en vigor en 2007 da Lei 2/2007 de Sociedades Profesionais (BOE nº 65 de 16 de marzo de 2007), o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou en marzo de 2008 o *Rexistro de Sociedades Profesionais* e aprobou o seu *Regulamento* de funcionamento.

De acordo con esta Lei teñen que constituírse como sociedades profesionais as que teñan por obxecto social o exercicio en común dunha actividade profesional, no noso caso a Psicoloxía. Enténdese que hai exercicio en común dunha actividade profesional cando os actos propios da mesma son exercidos directamente baixo a razón ou denominación social e atribúenselle á sociedade os dereitos e obrigas propios do exercicio da actividade profesional como titular da relación xurídica establecida co cliente.

As ditas sociedades poden constituírse de acordo a calquera das formas societarias previstas nas leis.

As sociedades ás que sexa de aplicación a Lei de Sociedades Profesionais teñen que adaptarse á mesma e formalizar a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais do COPG.

A 31 de decembro de 2010 figuran 11 sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do COPG, das cales 7 son de psicoloxía e 4 son multidisciplinares.

EMPRÉSTIMO DE MATERIAL DE AVALIACIÓN PSICOLÓXICA

O Colexio Oficial de Psicoloxía puxo en marcha un novo servizo de empréstito de material de avaliación psicolóxica para as colexiadas e colexiados.

Os colexiados e colexiadas que queiran solicitar calquera dos test dispoñibles, deberán cumprimentar a solicitude de empréstito de test e facela chegar ao COPG por correo postal, fax ou correo electrónico.

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados/as.

- Servizo de Asesoría Xurídica desempeñado polo avogado *Pedro Trepas Silva*. O número de consultas atendidas foi de 64.
- Servizo de Asesoría Fiscal desempeñado polo economista *José Luís Iglesias Sexto*. O número de consultas atendidas foi de 54.

SERVIZO DE INFORMACIÓN LABORAL

Información na páxina web do COPG sobre ofertas de emprego para psicólogos/as.

INTERNET

Conta de correo electrónico co servidor do Colexio a aqueles colexiados e colexiadas que o soliciten e posibilidade de “aloxamento” de páxinas WEB dos colexiados/as no servidor do Colexio Oficial de Psicoloxía.

FONDO DOCUMENTAL / BIBLIOTECA

Servizo de Biblioteca e fondo documental na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para o acceso dos/as colexiados/as do COPG aos fondos documentais da Facultade.

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88 S.A.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Correduría de Seguros Broker's 88 S.A. asinaron un acordo de colaboración para dar servizo, na área de seguros aos seus colexiados e colexiadas, coas mellores e máis solventes compañías, con prezos e condicións especiais para psicólogos/os colexiados/os:

- **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
A Xunta de Goberno do COPG negociou con Broker's 88 unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil Profesional Colectiva coa compañía de seguros Zürich nunhas condicións moi especiais para os colexiados e colexiadas.
- **Seguro de asistencia sanitaria ASISA**
A Correduría de Seguros Broker's negociou coa compañía de seguros sanitarios ASISA unha póliza de saúde en condicións preferentes para todo o colectivo de psicólogos/as.

SEGURO COLECTIVO DE VIDA/ACCIDENTES MAPFRE

MAPFRE VIDA e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia chegaron a un acordo que permitirá aos/as colexiados/as do mesmo a contratación dun seguro de vida en condicións favorables. As solicitudes tramitaranse a través do COPG.

SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA MAPFRE / CAJA SALUD

O COPG acordou con MAPFRE/Caja Salud unha oferta de seguro de asistencia sanitaria para os/as colexiados/as e as súas familias nunhas condicións que melloran amplamente as que calquera persoa podería conseguir de forma particular.

CONSULTORÍA EN PROTECCIÓN DE DATOS

O COPG ten asinado un convenio coa empresa Inforsiga, de Santiago de Compostela, polo que se ofrece aos colexiados e colexiadas os servizos de consultoría en Protección de Datos de Carácter Persoal contemplando tarifas especiais.

AXENCIA DE VIAXES

Desconto en CXG Viaxes Corporación Caixa Galicia en viaxes de vacacións.

BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Banco Santander Central Hispano asinaron un acordo de colaboración para ofrecer a tódolos/as colexiados/as condicións vantaxosas en créditos e hipotecas, entre outros.

EQUIPO ADMINISTRATIVO DO COPG

Eva Blanco Ferreira,
Auxiliar Administrativa

Mónica Figueira Rial,
Administrativa

Raquel Martínez Mosquera,
Administrativa

M^a Teresa Santamónica Fernández,
Administrativa

19. BALANCES ECONÓMICOS

Juan Jesús Gómez Capeáns
C/Rosalía de Castro 44B 1ªA
Santiago de Compostela



INFORME DE AUDITORIA DE CONTAS ANUAIS


Ós membros da Asemblea Xeral do
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXIA DE GALICIA:

Audítamos as Contas Anuais do **COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXIA DE GALICIA**, que comprende o balance de situación a 31 de decembro de 2010, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambio en el patrimonio neto, e a memoria económica correspondente ó exercicio anual terminado en dita data, a súa formulación é responsabilidade da Xunta de Goberno da Entidade. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que requiren o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación da súa presentación, dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

De acordo coa lexislación, os membros de Xunta de Goberno presentan, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance de situación, da conta de perdas e ganancias, e do estado de cambios do patrimonio neto, ademais das cifras do exercicio 2010, as correspondentes ó exercicio anterior. A nosa opinión refírese exclusivamente ás contas anuais do exercicio 2010.

Na nosa opinión, as contas anuais do exercicio 2010 adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira do **COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXIA DE GALICIA**, ó 31 de decembro de 2010 e dos resultados das súas operacións, e dos cambios no patrimonio neto durante o exercicio anual terminado en dita data e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados que resultan de aplicación e que gardan uniformidade cos aplicados no exercicio anterior.

Santiago de Compostela, 30 de Xuño de 2011



JUAN JESÚS GÓMEZ CAPEÁNS
Membro do R.O.A.C. nº 7.197

BALANCE DE SITUACION DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA. EXERCICIO: 2010

ACTIVO		Importe	PASIVO		Importe
INMOVILIZADO		224.034,02	FIXO		275.243,23
Intanxible			Fondos Propios		
2030	Patentes e Marcas	1.230,78	1130	Fondo Adquisición de Local	35.029,99
2060	Aplicacións Informáticas	124.120,70	1200	Remanente	207.990,10
2800	Amortización Inmovilizado Intanxible	-125.258,96	1210	Resultados Negativos	-88.993,38
Material			1290	Perdas e Ganancias	36.384,50
2110	Construcións	196.278,59	Débedas a Longo Prazo		
2120	Instalacións Técnicas	84.949,76	1700	Préstamos a Longo Prazo	84.832,02
2160	Mobiliario	55.098,81			
2170	Equipos de Proceso de Datos	12.287,08			
2810	Amortización Inmovilizado Material	-124.672,74			
CIRCULANTE		191.360,35	CIRCULANTE		140.151,14
Deudores			Débedas a Curto Prazo		
4070	Anticipos a Proveedores	2.133,05	4100	Acreedores	48.224,03
4400	Deudores	4.446,46	4109	Facturas Pendentes de Recibir	34.529,81
4409	Facturas Pendentes de Formalizar	114.202,22	4751	Facenda Pública Retencións Practicadas	38.586,33
4700	Facenda Pública, Deudora por IVE	33,70	4760	Seguridade Social Acreedora	2.533,12
4709	Facenda Pública, Imposto Sociedades	43,26	Axustes por Periodificación		
Contas Financeiras			4850	Ingresos Anticipados	16.277,85
5650	Fianzas e Depósitos Constituídos	1.800,00			
5700	Caixa	221,00			
5720	Bancos	65.487,90			
Axustes por Periodificación					
4800	Gastos Anticipados	2.992,76			
TOTAL ACTIVO:		415.394,37	TOTAL PASIVO:		415.394,37

CONTA DE RESULTADOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA. EXERCICIO: 2010

Títulos de Contas e Grupo		Importe
GASTOS		
	GASTOS DE ESTRUCTURA	313.321,78
6210	Arrendamentos	1.877,62
6220	Reparacións e Conservacións	9.528,88
6230	Servs. Profesionais Independentes	14.376,63
6250	Primas de Seguro	5.395,02
6260	Servicios Bancarios	5.060,42
6270	Publicidade e Propaganda	3.853,42
6271	Relacións Públicas	432,85
6280	Suministros	21.976,75
6281	Xurídicos e Contenciosos	5.323,50
6283	Documentación e Biblioteca	4.544,01
6284	Outros Gastos Diversos	15.791,91
6290	Empresas Colaboradoras	2.285,02
6298	Contribucións ao Consejo General	90.778,16
6310	Outros Impostos	288,80
6310	I.V.E.	24.983,77
6400	Persoal Fixo	72.326,65
6420	Seguros Sociais	21.256,04
6480	Formación do persoal	25,86
6500	Cotas Colexiais Devoltas	6.461,40
6690	Gastos Financieros	1.979,81
6780	Gastos Extraordinarios	1.169,19
6740	Perdas procedentes de Inversións	3.606,07
	GASTOS DE ACTIVIDADES	302.390,93
6070	Traballos Realizados por Outros Profes.	187.002,48
6291	Actividades Non Retribuidas	4.602,36
6292	Beca Siota	1.153,81
6293	Comisións	18.332,57
6294	Seccións	39.621,57
6295	Xunta de Goberno	41.879,02
6296	Cursos	9.799,12
	GASTOS DE PUBLICACIÓNS	32.917,36
6287	Publicacións Periódicas do COPG	22.183,93
6288	Outras Publicacións	10.640,51
6289	Outros Gastos de Publicacións	92,92
	AMORTIZACIÓN E PROVISIÓN	12.200,53
6800	Amortización do Inmovilizado	12.200,53
	TOTAL GASTOS	660.830,60
	RESULTADOS	36.384,50
	TOTAL	697.215,10

[illegible]

RETRIBUCIÓN ANUAIS DA XUNTA DE GOBERNO DO COPG

M^a Rosa Álvarez Prada

Asignación	7.344,00 €
Asistencia a reunións	3.222,47 €

Hipólito Puente Carracedo

Asistencia a reunións	3.325,18 €
-----------------------	------------

Miguel A. Chouza Ponte

Asistencia a reunións	3.578,65 €
-----------------------	------------

Concepción Fernández Fernández

Asistencia a reunións	1.609,54 €
-----------------------	------------

M^a Concepción Prado Álvarez

Asistencia a reunións	3.434,83 €
-----------------------	------------

José Luis Domínguez Rey

Asistencia a reunións	530,90 €
-----------------------	----------

Ana M^a Fieira Nogareda

Asistencia a reunións	893,82 €
-----------------------	----------

Antonio González Fernández

Asistencia a reunións	637,08 €
-----------------------	----------

Ana Isabel Martínez Arranz

Asistencia a reunións	106,18 €
-----------------------	----------

Eva Muíño Gómez

Asistencia a reunións	318,54 €
-----------------------	----------

José Manuel Oreiro Blanco

Asistencia a reunións	318,54 €
-----------------------	----------

Concepción Rodríguez Pérez

Asistencia a reunións	530,90 €
-----------------------	----------

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Asistencia a reunións	318,54 €
-----------------------	----------

ORZAMENTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA. EXERCICIO: 2011

Títulos de Contas e Grupo	Importe	Títulos de Contas e Grupo	Importe
GASTOS		INGRESOS	
GASTOS DE ESTRUCTURA	297.870,32	INGRESOS DE COTAS E SERVICIOS	434.600,00
6210 Arrendamentos	1.740,00	7000 Novos Colexiados	8.000,00
6220 Reparacións e Conservacións	1.850,00	7010 Outros Colexiados	426.600,00
6230 Servs. Profesionais Independentes	19.832,57	INGRESOS DE ACTIVIDADES	188.280,00
6250 Primas de Seguro	5.500,00	7400 Subvencións	150.000,00
6260 Servicios Bancarios	3.500,00	7590 Cursos e Congresos	20.000,00
6270 Publicidade e Propaganda	2.000,00	7592 Publicidade en Publicacións	1.800,00
6271 Relacións Públicas	1.000,00	7595 Mailings	2.500,00
6280 Suministros	22.300,00	7599 Seccións	13.980,00
6281 Xurídicos e Contenciosos	6.500,00	OUTROS INGRESOS	4.555,50
6282 Fotocopias e Plastificacións	500,00	7598 Outros Ingresos	500,00
6283 Documentación e Biblioteca	5.600,00	7690 Intereses Inversións Financeiras	500,00
6284 Outros Gastos Diversos	12.169,60	7691 Outros Ingresos Financieros	250,00
6290 Empresas Colaboradoras	2.800,00	7780 Ingresos Extraordinarios	3.305,50
6298 Contribucións ao Consejo General	93.880,40		
6340 I.V.E.	16.456,24		
6400 Persoal Fixo	71.138,20		
6420 Seguros Sociais	26.653,31		
6480 Formación do Persoal	1.000,00		
6690 Gastos Financieros	3.450,00		
GASTOS DE ACTIVIDADES	261.952,15		
6070 Traballos Realizados por Outros Profes.	135.000,00		
6291 Actividades Non Retribuídas	3.600,00		
6292 Investigacións	3.000,00		
6293 Comisións	18.000,00		
6294 Seccións	36.274,15		
6295 Xunta de Goberno	46.078,00		
6296 Cursos	20.000,00		
GASTOS DE PUBLICACIÓNS	53.750,00		
6287 Publicacións Periódicas do COPG	41.000,00		
6288 Outras Publicacións	8.000,00		
6289 Outros Gastos de Publicacións	4.750,00		
AMORTIZACIÓNS E PROVISIÓNS	13.863,03		
6820 Amortización do Inmovilizado	13.863,03		
TOTAL GASTOS	627.435,50		
RESULTADOS	0,00		
TOTAL	627.435,50	TOTAL INGRESOS	627.435,50

MEMORIA 2010

Aprobada en Asemblea Xeral de Colexiados/as
o 5 de abril de 2011



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 53 40 49 / Fax: 981 53 49 83

copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es